



# CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

**Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**ASUNTO: ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS VERÁN 2021**

**EXPEDIENTE: 2021/X999/000089**

## **ANTECEDENTES:**

Este concello organiza actividades culturais e deportivas verán dende hai varios anos, e este ano, segue interesado en organizar estas actividades, tendo en conta a lexislación correspondente a situación excepcional que está a acontecer a nivel global debido á pandemia do coronavirus, COVID-19, que poida afectar ás actividades que constan nesta proposta.

## **CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

Proposta da responsable técnica municipal, co visto e prace da concelleira de cultura, ensino e desenvolvemento económico, dona Patricia Vázquez Figueroa e do concelleiro dos servizos de xuventude e deportes, don Santiago Franco Blanco, asinada o 4.06.2021, onde consta a proposta das actividades culturais e deportivas que podería organizar o Concello de Bergondo, dende o 5 xullo ao 30 de setembro de 2021.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Adaptar as actividades de verán ás circunstancias actuáis, intentando dar una oferta atractiva para os rapaces e rapazas do concello e para os proxenitores, poñendo por riba de todo a seguridade sanitaria.

O número de participantes por instalación está determinado polas características destas, facendo especial fincapé nas medidas de control e a prevención da transmisión do COVID-19.

Os obxetivos dos campamentos urbanos de verán é facilitar a conciliación da vida laboral e familiar nestas circunstancias marcadas polo coronavirus, e que os rapaces do concello, tendo en conta a dispersidade deste, poidan relacionarse con rapaces e rapazas de idades similares.

Atendendo ás medidas excepcionais deste ano xeradas polo COVID-19, hai actividades que este verán non se poderán organizar nin desenvolver: visitas ao aquapark de Cerceda, días en familia, natación adultos, etc.

**Segundo.-** Que se teñan en conta, entre outras que poidan recomendarse o xurdir desde as diferentes administracións públicas, as seguintes medidas de control e prevención da transmisión do COVID-19, para previr a posibilidade de contaxios do coronavirus valorarase pormenorizadamente a posibilidade de participación, seguindo as seguintes medidas:

- Garantizarse o cumprimento de protocolos de seguridade (medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias); así como a intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
- Os profesionais a cargo das actividades velarán: pola seguridade da actividade mediante o control diario da saúde de cada participante á entrada nas instalacións, polo adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos; e tomarase o control da temperatura dos participantes.
- Priorizaranse as actividades que permitan un distanciamento social e un menor contacto entre os participantes.
- Formaranse grupos estables en cada campamento.



# CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Se durante as actividades calquera participante presenta síntomas compatibles co COVID-19, aislarase e se chamará á familia para que pase a recollelo, e se tomarán as medidas recomendadas por sanidade.
- Os proxenitores ou titores dos participantes deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte ao COVID-19, de tal forma que si alguén presenta sintomatoloxía asociada co coronavirus non acudirá e contactará co servizo de cultura e deportes do concello.

**Terceiro.-** Que se organice este verán a seguinte oferta de actividades culturais e deportivas, tendo en conta que se no momento de preinscricións hai algunha demanda de actividades suxerida pola veciñanza, se poda estudar a organización e desenvolvemento destas, sempre que sexa posible no momento actual:

ACTIVIDADES CULTURAIS						
ACTIVIDADE/ TEMÁTICA	DÍAS E HORARIO	N.º PARTICIPANTES	IDAD E	PREZ O	INSTALACIÓN	ACTIVIDADES
Campamento urbano 1 <i>Ecobergondo</i>	Do 5 ao 16 de xullo De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen coste a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.10 a 14.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	60,00 €	Pistas polideportivas San Cidre (Ao carón da Casa da Cultura e de Xuventude)	Deportivas Deportes alternativos Recreativas Inglés e robótica Xogos populares 1 saída á Praia por turno 1 saída de senderismo por turno Festa fin de campamento
Campamento urbano 2 <i>O Camiño de Santiago</i>	Do 19 ao 30 de xullo De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen coste a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 3 Miniolimpiadas	Do 2 ao 13 de agosto De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen coste a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 4 A volta ao mundo en 80 días	Do 16 ao 27 de agosto De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen coste a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	60,00 €		

\* Os campamentos urbanos son para nenos/as nados entre o 1/01/2009 ata o 31/12/2017, sempre e cando o permita a normativa vixente da crise sanitaria do COVID-19.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS					
ACTIVIDADE	DÍAS E HORARIOS	N.º PARTICIPANTES	IDADE	PREZ O	INSTALACIÓN
Actividades deportivas na Praia de Gandarío, turno 1: xullo	Martes e xoves do 6 ao 29 de xullo De 10.00 a 13.00 h	Mín. 6 e máx. 30	+ 8 anos	48,00 €	Praia de Gandarío
Actividades deportivas na Praia de Gandarío, turno 2: agosto	Martes e xoves do 3 ao 26 de agosto De 10.00 a 13.00 h	Mín. 6 e máx. 30	+ 8 anos	48,00 €	Praia de Gandarío
Taichí	Luns e mécores de xullo e setembro De 20.30 a 21.45 h	Mín. 6 e máx. 10	+ 16 anos	40,38 €	Pista polideportiva Casa da Cultura
Ioga	Martes e xoves de xullo e setembro De 20.30 a 21.45 h Comeza o martes 6 de xullo	Mín. 6 e máx. 10	+ 16 anos	40,38 €	Pista Polideportiva Lubre
Ximnasia para maiores ao aire libre	Martes e xoves de xullo e setembro De 10.00 a 11.00 h Comeza o martes 6 de xullo	Mín. 6 e máx. 10	+ 55 anos	23,80 €	Pista Polideportiva Lubre
Zumba	Martes e xoves de xullo e setembro De 20.30 a 21.30 h Comeza o martes 6 de xullo	Mín. 6 e máx. 10	+ 16 anos	32,30 €	Pista polideportiva Casa da Cultura
Pilates	Sábados de xullo e setembro	Mín. 5 e máx. 10	+ 16 anos	11,20 €	Pista polideportiva Casa da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



# CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

	De 10.30 a 11.30 Comeza o sábado 10 de xullo				Cultura
Marcha nórdica e condición física	Luns do 12 ao 30 de xullo De 9.30 a 10.30 h	Mín. 5 e máx. 10	+ 10 anos	12,00 €	Pavillón de Guísamo e entorno Guísamo
Marcha nórdica e condición física	Mércores de mes de xullo De 11.00 a 12.00 h	Mín. 5 e máx. 10	+ 10 anos	8,00 €	Entorno a Senra

ENTIDADE	ACTIVIDADES DEPORTIVAS ORGANIZADAS CONXUNTAMENTE CON ENTIDADES DEPORTIVAS					
	ACTIVIDADE	DÍAS E HORARIOS	N.º PARTICIPANTES	IDADE	PREZO	INSTALACIÓN
Club Atlético Bergondo	Iniciación ao atletismo	28 de xuño 11.00-13.00 h	10	De 6 a 14 anos	Gratuíta	Pavillón Municipal de Guísamo e exteriores
Club de Olímpico Remo O Mandeo	Iniciación ao remo	29 de xuño 11.00-13.00 h	10	+ 11 anos	Gratuíta	Praia do Pedrido
Club Rítmica AUSERTA	Iniciación á ximnasia rítmica	30 de xuño 11.00-13.00 h	10	De 5 a 13 anos	Gratuíta	Pavillón Municipal de Guísamo e exteriores

**Cuarto.-** Que se publiquen estas Bases na páxina web oficial do concello: [bergondo.gal](http://bergondo.gal)

As actividades culturais e deportivas organizadas para este verán 2021, con motivo da crise sanitaria que estamos a padecer, organizaranse soamente para persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

**Prazo de presentación de solicitudes:** do 9 ao 14 de xuño de 2021.

#### Horarios e formas de presentación de solicitudes:

Poden elixir unha das seguintes opcións, **preferentemente** vía e-mail e formulario on line, nas que se enviará confirmación da solicitude via e-mail.

- Vía E-mail (**preferente**): dende as 00.00 h do día 9 de xuño ata as 14.00 h do día 14 de xuño no correo electrónico [cultura.deportes@bergondo.gal](mailto:cultura.deportes@bergondo.gal)
- Vía formulario on line: dende as 00.00 h do día 9 de xuño ata as 14.00 h do día 14 de xuño na páxina web [bergondo.gal](http://bergondo.gal).
- Vía telemática a través da sede electrónica municipal dende as 00.00 h do día 9 de xuño ata as 14.00 h do día 14 de xuño.
- Vía presencial: de 9.30 a 14.00 h na Casa de Cultura dende o día 9 ao 11 de xuño (con cita previa).

2. **Listaxes provisionais:** O día 16 de xuño publicaranse na páxina web do concello e na Casa de Cultura os listados provisionais por actividade.

3. **Prazo de reclamacións:** O prazo de reclamacións ás listaxes provisionais será o 17 de xuño.

4. **Sorteo público:** Si hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 18 de xuño de 2020, ás 10.00 h.

5. **Listaxes definitivas:** O día 21 de xuño na Casa de Cultura e na páxina web do concello ([bergondo.gal](http://bergondo.gal)), publicaranse as listaxes definitivas das actividades e das que non saen por non acadar un mínimo de solicitudes.

6. **Prazo de inscricións e pago das actividades:** do 22 ao 25 de xuño. Se rematado este prazo, as persoas admitidas por sorteo non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

7. **Material:** Nas actividades que se relacionan a continuación deberán levar o seguinte material:

**Campamentos urbanos:** unha mochila con gorra, protección solar, botella de auga e merenda. Toalla e chancletas (para a saída a praia).

**Aerobic e ximnaxia para maiores:** esterilla.

**Actividades náuticas:** toalla, chancletas, bañador, gorra, camiseta térmica de auga, protección solar, botella de auga e merenda.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### 8. Reducións de cotas

- a) 50% para familias numerosas.
- b) 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.
- c) 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.
- d) 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

9. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias, ou mesmo anular algunha actividade, por motivos organizativos ou pola normativa vixente actual da crise sanitaria COVID-19.

10. As persoas ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades culturais e deportivas Verán 2021:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa que impartirá as actividades.
- Autorizan a utilizar as fotos tomadas nas actividades para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos, etc
- De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento do departamento de CULTURA E DEPORTES á cal vaia dirixida a presente solicitude e cuxa finalidade é a xestión da convocatoria pública de subvencións municipais a deportistas individuais do CONCELLO DE BERGONDO. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos e para completar co fin para o que estes datos foron recabados. Non serán obxecto de transferencias internacionais. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXP: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos” conferidos a este Concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas, debidamente acreditadas, poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Bergondo, con CIF P1500800F, e dirección en Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo [dpd@bergondo.gal](mailto:dpd@bergondo.gal) ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://bergondo.gal/menupie/politica-de-privacidad/>

En Bergondo, luns 7 de xuño de 2021

**A alcaldesa**

**Dou fe; a secretaria**



# CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Alejandra Pérez Máquez

Ana María Cacharrón Castelos

FIRMADO POR Alejandra Pérez Máquez (FECHA: 07/06/2021 10:21:00) , Ana María Cacharrón Castelos (FECHA: 07/06/2021 10:44:00)

Decreto Nº: 647/2021 - Fecha de decreto: 07/06/2021  
Versión imprimible

CVD: 19ILk6kkandHhNKAZf+  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).